

Contribución para unha toponimia dos montes

Antón Santamarina

§1. Non me é doado facer unha achega sobre toponimia dos montes nun simposio coma este (sobre o monte en Galicia) porque aínda non sei moi ben que teño que entender por monte; dunha maneira restrixida poderíamos cinguirnos ó que se pode chamar “oronimia”, ou sexa os nomes das varias ducias de montes e serras que hai en Galicia (*Larouco, Invernadoiro, Suído, Testeiro, Xistral, Xurés, Cadramón, Oribio...*); pero tamén se pode entender dunha maneira máis xenérica con referencia ós nomes que recibe a terra en espazos que están (ou teñen estado) “a monte”. En calquera dos dous casos é moitas veces imposible clasificar un nome como referido só a “monte” porque un lugar habitado pode dar lugar ó nome dun monte ou dun río e viveversa. E tamén algo que foi monte poden ser hoxe leiras ou prados ou vv.

Con esta reserva dita, vou ir por este segundo camiño e non polo da “oronimia”. É sabido que nos nomes de serras e de montes, ó lado de nomes romances, hai unha porcentaxe grande de pervivencias prerromanas, como ocorre tamén na hidronimia; e este é un territorio no que a miña competencia é escasa e teño que falar sempre por boca doutros. Así é que por decencia vou falar principalmente dos nomes que recibe a terra que está a monte (que en xeral son de orixe romance).

§2. Supoño que cando me invitaron a participar neste simposio cun relatorio deste tipo foi para que dese algunha información práctica para persoas alleas ó mundo da lingüística. E por isto é polo que vou empezar.

En primeiro lugar quero lembrar, pois é pertinente nunha palestra coma esta, de non especialistas, cómo e cándó naceu a toponomástica e como foi chegando a Galicia. Explicacións para orixe dos nomes de lugar hainas desde sempre; vémolos nos gramáticos romanos, en Isidoro de Sevilla, en Sarmiento e en moitos outros; mesmo os falantes normais se atreven; un tío meu explicaba que *Airixín* viña de ‘aire xiín’ (aínda que non é o lugar máis xearendo do val). Pero como disciplina académica é unha ciencia nova; é unha rama da etimoloxía e a súa vez a etimoloxía é unha parcela da gramática histórica e comparativa, que ten os primeiros cultivadores en países xermánicos no 1º terzo do século XIX. Estes filólogos descubriron que había unha regularidade nas correspondencias morfolóxicas e fonéticas entre varias linguas que formaban unha familia (por exemplo entre o latín, o grego, o sánscrito, o persa antigo, o xermánico...) e que da comparación entre elas se podía reconstruír un modelo anterior común, porque os cambios operaban con regularidade; de feito foi así como se reconstruíu o indoeuropeo. As linguas románicas teñen nisto unha vantaxe sobre outras familias (como a xermánica ou a eslava ou a céltica) pois o modelo do que proceden non é necesario reconstruílo, é coñecido: é o latín. O progreso da lingüística histórico-comparativa ó longo do século XIX foi espectacular. Desta maneira en 1833 (despois de gramáticas comparativas e históricas) xa apareceu un dicionario etimolóxico das linguas indoeuropeas (August F. Pott) e no 1854 un das linguas románicas (Friedrich Diez). No campo da onomástica a primeira toponimia é tamén dun

alemán (Ernst Förstermann, *Die deutsche Ortsnamen* 1863) pero os que impuxeron unha metodoloxía rigorosa, e pasan como verdadeiros fundadores da toponomástica, foron un italiano, Giovanni Flecchia: “Di alcune forme de nomi locali dell’Italia superiore” 1873, e o francés Auguste Longnon, *Les noms de lieux de la France. Leur origine, leur signification, leurs transformations* (1920 ss, pero corresponde a leccións dadas no Collège de France nos anos 1879 e ss). Estes descubriron dúas cousas esenciais (ademais da (a) congruencia fonética e (b) semántica que se lle esixe a calquera boa etimoloxía): (c) rastrexar as documentacións dunha forma recuando no tempo, canto máis mellor; e (ou) (d) buscar paralelos do topónimo no mesmo dominio lingüístico ou fóra dese dominio. Que unha documentación antiga nos pon sobre o bo camiño dunha etimoloxía (ou nos evita ver espellismos) podemos velo nos nosos *Ares* ou *Ombre*, que eran nos textos medievais *Ánaris* e *Anóbre*; o das correspondencias dunha base toponímica máis alá do noso propio dominio lingüístico podemos ilustralo cun nome de posesor habitual, como *Basilus*, que nos aparece en topónimos na forma recta, en xenitivo ou cun sufixo (-acus, -anus, -ánicus, -ascus...) desde aquí á Calabria: Galicia: *Basille*, *Basillao* ... en terras de Francia: *Bassilhac*, *Bazillac*, *Bacillié*, *Basly*, *Bailly*... en Italia: *Basiglio*, *Basiago*, *Basiasco*, *Basiano* e seguramente máis.

Pois ben, con estes catro principios practicouse a toponomástica en Italia, Francia e Suíza etc.; nesas países hai na actualidade repertorios extraordinarios por grandes dominios (toda Francia) ou por dominios pequenos (só unha comuna, a Suíza Romanda enteira, os cantóns réticos) ou por tipos (derivados de base X (por exemplo *quercus*) na toponimia francesa).

Á Península Ibérica a toponomástica tardou en chegar. O primeiro estudo merecente de ser recordado é dun historiador (como Longnon): Josep Balari i Jovany (1844-1904), autor duns *Orígenes históricos de Cataluña* (1897), libro no que inclúe unha primeira parte (270 páxs. das 705 que ten o libro) sobre etimoloxía e o significado dos topónimos. Desde entón, e especialmente despois da creación do Intitut d’Estudis Catalans (1911), os estudos toponímicos en Cataluña tiveron un desenvolvemento extraordinario (no que encontramos autores cataláns pero tamén estranxeiros, especialmente suízos); pero entre todos merece ser recordado especialmente J. Corominas que é autor de artigos dispersos desde os anos 30, recollidos en 1965 e 1972 en senllos libros; pero sobre todo é recoñecido polo seu *Onomáston Cataloniae*, 8 vols. (1978-), obra formidable que ten poucas paralelos equiparables en ningunha lingua.

No dominio castelán a fundación da toponomástica (como de moitas outras cousas filolóxicas) correspóndelle a Menéndez Pidal. O seu primeiro artigo “Sobre las vocales ibéricas [ou sexa vascas] E y I en los nombres toponímicos” [correspondentes, entre outras ás terminacións -bèrri e -gòrri] é de 1918. De poucos anos despois son os *Orígenes del Español* (1926) no que vai facendo unha xeografía histórica dos diferentes fenómenos (resultados de -AI-, -CT-, -Ē-, F-...) e un número moi considerable dos exemplos son topónimos ou antropónimos (e son centenas de exemplos: *Kadrectas*, *Cadrechas* (< Cataractas, na Rioxa), *Auteros de rege* (nas terras de Sahagún...), *Fenares Henares*... *Colombaira Colombar Colomera*... Das 7.400 palabras que ten o índice unhas 2.800 son topónimos (neste caso a maioría de orixe latina). Non é estraño polo tanto que Menéndez Pidal puidese sacar parágrafos enteiros de *Orígenes* e

inserirlos (con outros artigos posteriores a 1918), sen cambios, na *Toponimia Prerrománica Hispánica* en 1968. As cousas melloraron considerablemente a partir de 1960, data da publicación da *Enciclopedia lingüística hispánica* na que hai varios capítulos de toponimia (por certo os dous máis importantes dun suízo, a prerromana (J. Hubschmid), e dun alemán, a xermánica (J. M^a Piel). Desde entón a toponomástica do español avanzou moito, aínda que na actualidade está lonxe dos niveis da francesa, da italiana, da suíza ou da catalá. Hai que lembrar nesta historiografía telegráfica que agora hai filólogos españois (especialistas en linguas primitivas das que se conserva pouco máis que a onomástica) que están no ránking dos grandes da indoeuropeística e da iberística entre eles J. Javier de Hoz ou Francisco Villar Liébana; os seus manuais (cousa insólita con libros científicos escritos en castelán) son mesmo traducidos a outras linguas.

Estamos chegando ó noso dominio; pero antes podemos dicir unha palabras da toponomástica en Portugal. O fundador da filoloxía portuguesa foi como xa imaxinan J. Leite de Vasconcelos, que desde 1883 ten traballos toponímicos breves (“miudezas toponímicas”) que ía publicando principalmente na *Revista da Sociedade da Instrução do Porto*, na *Revista Lusitana* ou no *Arqueólogo Português*. Nun deses artigos anuncia que “o autor está preparando para o prelo um livro de toponímia portuguesa”, pero o certo é que nunca apareceu. Inseriu esas miudezas moito máis tarde (1931) no vol III dos *Opúsculos*, pp 277-471; unhas 600 entradas. Outro filólogo. J. Joaquim Nunes, é autor en 1921 dun artigo “A vegetação na toponímia portuguesa”, de 47 páxinas. Son unha 150 bases toponímicas a maioría delas coincidentes con apelativos (*aveleira, azevo, giesta*) con abundanciais na maioría dos casos transparentes (*Avelal, Azevedo, Giestal*). Tanto o de Vasconcelos como o de Nunes son traballos de pouco respiro. Maior téñeno os dos dous filólogos que vou nomear. Un deles era a finais dos anos 20 discípulo de Ernst Gamillscheg en Berlín (Gamillscheg estivo aquí no Seminario de Estudos Galegos e invitou á falar de Galicia na súa cátedra en Berlín a L. Tobío e levou a Risco a un *party* na súa casa máis ou menos por esas datas); este Gamillscheg é autor dunha obra monumental, *Romania Germanica*, que estuda a pegada cultural xermánica nos pobos románicos; inspiroulles a outros traballos nesta mesma dirección. Entre eles está a tese de Georg Sachs, *Die germanischen Ortsnamen in Spanien und Portugal* (1932), 121 páxinas. Estuda un total de 2.400 nomes. Como é sabido a maior densidade de topónimos desta orixe están no NO, Galicia e N de Portugal; segundo o censo que fai o propio Sachs a maior densidade de nomes xermánicos de entidades de poboación están na prov. da Coruña (15,9% do total), na de Lugo (15,3%), na de Braga (11,7%), na do Porto (10,7%), na de Pontevedra (8,6%), na de Ourense (6,2%) ... Oviedo (2,8%) León (1,2%)... O outro foi un discípulo de Meyer Lübke (o grande mestre dos romanistas) en Bonn; veu de lector para Coímbra no ano 1926 e aí estivo ata que volveu para Colonia no ano 1953. Dedicouse a varias cousas entre elas á etimoloxía e á onomástica empezando por unha serie de 17 artigos que titulou *Os nomes germánicos na toponimia portuguesa*, que empezaron a aparecer en 1933 no *Boletim de Filologia* e que acabaron constituíndo un libro en 2 vols. *Adões-Novegilde* 1936; *Oldões-Zendo* 1945. Son só topónimos portugueses; inda non caera Piel na conta de que non se pode facer toponimia latina e xermánica de Portugal ignorando Galicia. Por

iso pronto empezou a poñer nos títulos dos seus traballos de toponimia, “portuguesa e galega”. O primeiro de que eu teño noticia é este: “Lateinische Namengut in portugiesischen und galizischen Ortsnamen” 1937. De aí para diante a historia da toponomástica portuguesa xa é mais coñecida ata chegar ó *Diccionario onomástico etimológico da lingua portuguesa* (1993) de J. P. Machado, pasando polos traballos dispersos de P. Cunha Serra (nas décadas de 1950-70), David Lopes (sobre arabismos); e moitos máis traballos antes e despois, en especial de toponimias locais.

E chegamos a Galicia. Como en moitas cousas Sarmiento é un precursor. O seu *Onomástico etimológico de la lengua gallega* redactado entre 1757 e 1762 ten 362 parágrafos (dos 893 que comprende a obra enteira) dedicados ós nomes xeográficos. Sarmiento tiña moito sentito común e sabía moito latín e grego e estaba informado doutras linguas, por iso moitas etimoloxías que propón son correctas; con todo faltáballe o control da fonética e morfoloxía históricas e por iso ás veces especula. Por esta razón o *Onomástico* hoxe hai que lelo cos comentarios do seu editor, Pensado, que fan por sí sós un libro enteiro. Menciono de pasada outros nomes de persoas que se ocuparon de toponimia galega de maneira incidental xa 200 anos despois de Sarmiento, pero aínda pouco familiarizados coas disciplinas filolóxicas: Manuel García Blanco (*Estudio geográfico y toponímico de la provincia de Lugo* s. d. [1940]), Víctor de Olano Silva, “Toponimia gallega” *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* vols I, V e X (1945, 1949 e 1954 respectivamente); Andrés Martínez Salazar “La fauna en la toponimia gallega” *BCPMHAO* 1912; e o seu fillo Fernando Martínez Morás, que fixo o seu ingreso na RAG cun discurso *La toponimia de Galicia* en 1926 publicado na Habana en 1962. Son todos traballos referidos a un corpus moi cativo, con acertos puntuais, pero con erros notables que un filólogo profesional tería controlado mellor. Así é que temos que chegar a 1944 para bater coa primeira contribución na que a toponimia galega é traballada co rigor que require a moderna filoloxía; é obra de Abelardo Moralejo Laso, “Observaciones sobre el estudio de la toponimia gallega”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* I; é de carácter metodolóxico pero contén moitos exemplos e conserva aínda o valor que tiña o día que se escribiu; este é o primeiro artigo dunha serie que Moralejo foi dando á luz en anos posteriores e que reuniu nun libro en 1977 con índice onomástico. Daquela, poderíamos considerar a Abelardo Moralejo como o fundador da toponimia galega (se é que non lle queremos facer compartir este honor con Piel, que desde o ano 1937 vén usando os adxectivos “portuguesa e galega” nas súas achegas toponímicas).

E a partir de entón, en especial despois dos anos 70 a toponimia galega vén sendo obxecto de estudo cos requirimentos metodolóxicos da ciencia etimolóxica (aínda que segue a haber fabuladores. Así é que hoxe temos un corpus de estudos toponímicos referidos a Galicia que non desmerece en nada en relación cos doutras áreas do territorio hispánico. Non é este o lugar de dar unha bibliografía nin sequera resumida pero podemos atopar:

a) Monografías sobre unha campo léxico en todo o territorio ou nunha parte grande del (como poden ser “as plantas” en xeral; exemplo disto é a tese de Gonzalo Navaza) ou unha base léxica única (como pode ser o artigo de Froilán López, “Onomástica galega: *Abelaira* e familia” 1981).

b) Monografías sobre territorios, que empezan co traballío de Piel, “Semblanza toponímica de un ayuntamiento gallego: Fonsagrada” no *Homenaje* a D. Alonso en 1961 (só sobre entidades de poboación); seguido despois unha boa presa de traballos (ás veces teses) como son, entre outras, as toponimias de Pantón (Antón Palacio), Marín (Elixio Rivas), Pontedeume (Isidoro Millán), Sarria (Antonio Díaz Fuentes), Trabada (Xulia Marqués), Cedeira (X. Á. Porto Dapena) etc. atentos, na maioría dos casos (non sempre: Millán) a toda clase de topónimos (maiores e menores). Ten un lugar de honra nesta serie Nicandro Ares. Téñase en conta que unha das características da toponimia é a monotonía (o mesmo tipo de motivación repetida); así é que gran parte dos topónimos que atopemos en Trabada imos atopalos coa súa variante respectiva en Coristanco ou nos Riós.

c) E finalmente hai que sinalar tamén traballos de divulgación (sobre toda Galicia) que teñen como destinatario un gran público (e non só o especializado). Por estas razón adoitan abarcar todo o territorio; están nesta categoría os tres libros de F. Cabeza Quiles.

Naturalmente Galicia non é un *isolat* toponímico así é que moitos dos seus nomes (ou os cognatos en cada unha das viariantes románicas da península e mesmo no vasco) son tratados tamén en obras de carácter hispánico.

§3. O noso vocabulario toponímico é esencialmente o mesmo có vocabulario común: a súa compoñente latina ou románica é abrumadoramente maioritaria. De todas maneiras entre os elementos constitutivos do vocabulario toponímico hai unha porcentaxe maior de elementos prerromanos do que no vocabulario común. É ben sabido que cando hai unha substitución idiomática sempre se toman préstamos da lingua que se extingue para a lingua que prevalece, especialmente cando se trata de realidade que son novas para a lingua invasora; isto acontece xustamente cos nomes de determinadas especies do reino animal ou vexetal pero principalmente cos topónimos, que son as palabras que resisten cunha tenacidade maior as substitucións idiomáticas. Por outra parte hai que ter en conta que na toponimia quedaron embalsamadas moitas palabras que deixaron hai séculos e mesmo milenios de ser apelativos e son xa só nomes propios.

§4. Os pobos que habitaron estas terras do NO antes dos romanos eran ágrafos; hai textos escritos en diferentes soportes atopados en territorio lusitano, celtibérico, ibérico e tartésico, pero en Galicia non se ten atopado nada a non ser teónimos, antropónimos e xentilicios en inscricións xa romanas. Así é que para saber qué lingua ou linguas falaban o testemuño principal é a toponimia. E da toponimia dedúcese que os romanos atoparon aquí unha poboación indoeuropea de lingua céltica. Os celtistas identifican ben este dialecto indoeuropeo porque ten unha de secuencias fonéticas inconfundibles e principalmente porque non ten P. A cidade que se coñecía en latín como *Medio-Lanum* (na Galia cisalpina, de onde vén o actual *Milano*) fora antes **Medio-Planum* ‘chaira do medio’. Cumpren este requisito (falta de P) varios topónimos galegos como *Ledesma* (chaira nas beiras do Ulla) que se remonta a un **pletísama* ‘moi ancha’; ou tamén *Larouco* (segundo Bascuas dunha raíz IE *pelə^w*-, parente do lat *planus* (que aparece en antigo irlandés como *lar* ‘pavimento’ e seguramente é o elemento inicial de moitos outros topónimos que empezan por *Lar-*: *Laracha*, *Laraño*, *Larín*, *Lareo*...). Hai outros moitos elementos ben

identificables deste estrato, como son os rematados en *-obrix/abrix* (hoxe *-obre/obre*: *Alcabre, Sillobre, Landrove... Xiabre*), ou que teñen o elemento *briga* polo principio ou polo final (*Bergantiños, Sanabria/Seabra*) ou que teñen o elemento morfolóxico *-nti-* (como *Barbanza*) ou sufixos como *-oño/oña* (*Ortoño, Taragoña*) e así por diante. Hai, daquela un elemento celta na toponimia que é moi abundante e está ben identificado. Moralejo Álvarez recolleu no libro *Callaica nómima* numerosos artigos nos que estuda moitos destes superviventes referidos a lugares habitados, ríos e montes.

Pero volvendo ó caso das linguas prerromanas: na toponimia e tamén en inscricións lusitanas escritas nun dialecto indoeuropeo (Cabeço das Fráguas) aparecen palabras que teñen P; nunha inscrición fáiselle a Laebo a ofrenda dun *porcom*. E na toponimia (e mesmo no vocabulario común) atopamos palabras que non son latinas nin celtas (nin vascas nin ibéricas) e teñen P. *Páramo* é unha delas, conservado como apelativo en galego e castelán e como topónimo en varios lugares do NO hispánico; non se sabe moi ben qué é ese elemento *para-* sobre o que se forma o superlativo *Páramo* (¿'moi alto', 'moi distante'?) pero non é celta, nin esá claro que sexa sequera indoeuropeo. Nesta mesma colleita vai a voz común *pala* 'cova, burato' (que orixinariamente puido ser 'pedra, penedo' [vén no Pokorny como **pelis *pels* 'Fels']) que dá lugar a moitos topónimos (*Pala da Osa ...da Raposa, dos Ladrois, Palas, Paleira, Palela, Regueiro da Pala...*; e seguramen tamén *Pambre* < *Palambre*, e mesmo algún ou moitos *Pazo*, pois o sentido común admite con moita reticencia que todos os *Pazos* poidan ser *palatios*). *Palantia* (Palencia), *Pisóracca* (Pisuerga) tamén son palabras indoeuropeas pero non celtas, polo P.

Desde se empezou a facer toponimia hispánica bateuse con este problema do P e outros semellantes. E tratouse nos comezos de explicar que con anterioridade ou simultáneas ás migracións dos celtas, co seu dialecto diferenciado (sen P), viñeran outros pobos indoeuropeos que podían explicar a presenza desas voces indoeuropeas na Península, que por outra parte moitas veces tiñan correlatos en áreas diferentes de Europa desde Galicia ós Balcáns ou ó S de Italia ou ós países Bálticos onde nunca houbo celtas. Menéndez Pidal baseándose nesas coincidencias intentou explicar a orixe destas voces por unha migración de lígures, de ilirios e de ambróns (estes orixinarios da pen. de Xutlandia). *Viascón* ou *Benasque* teñen un sufixo que recorda o *-asco* de *monegasco*; *Amrun* no S. de Dinamarca, lembra o *Ambroa* de Galicia e o *Ambrona* de Soria. O que pasa é que a arqueoloxía non descubriu aínda pegadas destas migracións de lígures, ilirios e ambróns.

As cousas cambiaron cando un filólogo alemán, Hans Krahe en 1949, comezou a facer estudos de hidronimia europea que logo (1964) reelaborou nun libro; nesos estudos postula que hai un substrato indoeuropeo en toda Europa occidental, que el chama "alteuropäisch", traducido entre nós como "paleoeuropeo" (= Corominas: sorotáptico 'dos que enterraban en urnas'), anterior á formación dos dialectos históricos que coñecemos, que se estendería por case toda Europa no 2º milenio (segundo os partidarios da "continuidade" paleolítica, como Mario Alinei, esa camada indoeuropea sería aínda máis antiga).

No libro de Moralejo Álvarez que citei (*Callaica nómima*) e nos tres de Edelmiro Bascuas esclárese unha cantidade grande de nomes desa camada (precéltica e tamén da céltica) sobre a que Sarmiento non gustaba “gastar el tiempo en averiguar lo que ya es inaveriguable” e na que Piel tempo despois receaba tamén entrar porque eran “areias movediças de un tenebroso mundo lingüístico pré-histórico”. O caso é que moitos dos elementos constitutivos da onomástica galega que antes non se podían explicar a través de linguas coñecidas como o latín o gótico ou o árabe e que se metían no caixón indiscriminado de pre-romano (maioritariamente céltico) agora pódense atribuír con bastante precisión ó celta ou ó paleoeuropeo ou se non a algún substrato non indoeuropeo (de tipo vasco ou ibérico).

§5. Unha palabra que pode pertencer a este estrato e que vén ó caso nun simposio coma este é a *gándara* que aínda hoxe é un apelativo en galego, en pt. e en dialectos do castelán. Janick LeMen dálle, entre outros estes significados ‘monte o ladera seca, dura y pedregosa, inculta y con maleza arbustiva’, ‘bosque quemado’, ‘pedazo de monte, con arbustos, que presenta un buen pasto para el ganado cabrío’, ‘conjunto de brotes nuevos en lugar que previamente ha sido quemado’, ‘especie de zanja’ ... Nos dicionarios galegos o primeiro que a rexistra é Reguera y Pardiñas e di que equivale a ‘nava’ (ou sexa: ‘Tierra sin árboles y llana, a veces pantanosa, situada generalmente entre montañas’), que é só unha das acepcións galegas de *gándara*. Se lle quitamos o sufixo átono quedáanos unha raíz *ganda* que aparece como apelativo no Friúl, no Tesino e no O da Suíza alemá co sentido de ‘pendente penedía’, ‘amoreamento de detritus’ (v. Coromines sv). A palabra aparece por primeira vez nun texto lepóntico (lígur) para a denominación dun río, *Gandobera* que se interpreta como ‘portador de pedras’ (-*bera* é parente do lat. *fero* ou do ing. *bear*); e isto é un argumento (aínda que non definitivo) para interpretar *ganda* como indoeuropea ‘pedra’ (aínda que non hai unanimidade pois Pokorny s. v. *cand-* é reticente). O caso é que esta palabra ademais de estar aínda viva como apelativo é moi fértil na toponimia baixo as formas *Gándara(s)*, *Gandra(s)*, *Granda(s)*, *Gandarela*, *Gandarón*, *Gandareiro*, *Gandarola*, *Gandariña*, *Gandriña*, *Gandarosa*, *Suagándara* etc. Tamén *Gandesa* (en Tarragona).

Vou poñer outro exemplo: *lama* este sí claramente paleoeuropeo (está no Pokorny como **lāmā* ‘Pfütze, Sumpf?’ [=poza, lameiro]) que se mantén como apelativo cun sentido afín ó que dá Pokorny en falas que van desde Fisterra ó N de Italia ademais de en letón, lituano e búlgaro; como topónimo (ademais de nestes territorios) haino na Apulia e na Iliria; como nome de río hai un nos Abruzos chamado antigamente *Λάμητος*, hoxe *Lámato*. Non vale a pena que recordemos o fértil que é esta raíz na toponimia galega tanto na súa forma primitiva (*Lama(s)*) como a través de derivados (*Lameiro*, *Lameira*, *Lameiriña* > *Alambriña*, *Lamazais*...) como a través de compostos (*Lamacháns*, *Lama Má*, *Lamavella*, *Lamarredonda*...) ou formas polirremáticas onde *Lama* é determinado (*Lamas de Arriba*, *Lamas de Moreira*, *Sobrelamas*, *Sualama*...) ou determinante (*Agra de Lamas*, *Castiñeiro de Lamas*, *Tarrío de Lamas*...).

Estes dous casos que poño (*Gándara* e *Lama*) exemplifican o tipo de palabras que sobreviven as substitucións idiomáticas pero como son apelativos entrados no latín hispánico dinnos pouco da posible antigüidade dun topónimo, ó contrario do que ocorre co número

considerable de topónimos que xa son opacos desde que foron aprendidos polos latinos e se cadra por outros anteriores a eles e que sobreviviron só na onomástica (do tipo *Miño* ou *Lóuzara*), que son os máis abundantes.

Non me resisto a pór outro exemplo prerromano que nunha palestra coma esta (onde se fala de montes) vén moito ó caso; trátase doutra palabra que tamén segue tendo valor apelativo e que, neste caso, seguramente se trata dun celtismo (non hai paralelos dela fóra do territorio celtibérico: Portugal, Galicia, León e arredores); refirome á *seara* coñecida tamén nas variantes *senra* e *serna* e en leonés como *senara* e en castelán como topónimo *Sierna* (Bascuas, *Novos estudos*, dedícalle un estudo maxistral). O sentido de *seara* é ben coñecido; aínda que no gal. antigo podía ter outros sentidos derivados, incluído o de certo tipo de prestación: *Et hun dia de seara cada anno de cada domaa* [semana] *en a nossa granja d'Anbas Mestas* reza un doc. de Oseira de 1379. Nos topónimos hai tamén as variantes *Siara*, *Siariña*, *Xara*, *Xaraboa*, *Xaravella*, *Xarela*, *Xariña*. A orixe está nun **sénāra*, coa raíz *sen-* e un sufixo átono *-āra* (moi abundante en topónimos prerromanos: *Lóuzara*, *Láncara*, *Azúmara*, *Pígara...Gándara*). O paso de *sénāra* a *senāra* e despois a *seāra* (con esa deslocación do acento) non está claro pero non hai dúbida de que as dúas palabras son unha mesma na orixe. (En palabras celtas aprendidas polos latinos pode haber estas vacilacións acentuais; na Galia o celtismo latinizado *Matrona* deixou tamén dous derivados; por un lado *Marne* (*Mátrona*), nome dun departamento no NE, e por outro *Meyronne* (*Matróna*), comuna do departamento de Lot, á beira do río Dordoña). A raíz da palabra é *sen-* ‘vello’ (está no Pokorny) e dela procede o lat *senex*, ademais doutros numerosos descendentes en diferentes linguas desde Irlanda ata a India con significados idénticos ou afíns ó de ‘vello’. Ora, ¿que ten que ver o concepto ‘vello’ con ‘seara’? Ou dito doutra maneira: ¿por qué se lle chama ‘a vella’ a unha ‘roza nun monte onde se sementa trigo ou centeo’? Pode haber varias hipóteses; Bascuas supón que lle chamaban “terreo vello” ó que se cavaba e se cultivaba mentres non se esgotaba e despois se deixaba a barbeito para que “envellecese” e se rexenerase; pode haber outras hipóteses: no CODOLGA atopamos un exemplo coma este, de 1220, da Cated. de Ourense: “*si vineas feceritis sive in terrenis novis sive veteribus detis quartam partem vini*”. Daquela un *terrenum novum* sería o que se rozaba (*défrichait*) ou que se cavaba por primeira vez, por contraposición a un *terrenum vetus* (ou xa romanceado *vedro*), o que viña sendo cavado de vello, posiblemente a intervalos de 15 ou 20 anos (que é o que se fai coas searas). Pode que aínda non sexa esta a hipótese boa pero en calquera caso é moi verosímil que a etimoloxía *sen* ‘vello’ que está na base de *seara* sexa a correcta pois hai outra denominación en galego, *vedro* ‘seara’, que obedece sen lugar a dúbidas esa motivación. Os dicionarios recollen *vedro* co sentido de ‘monte cavado e sementado’ (ou sexa ‘seara’) desde Valladares; e a palabra pode rastrexarse desde antigo, igual có seu feminino *vedra* que hoxe non sobrevive como apelativo; nun doc. de Viveiro de 1410 dise: *aforamos a vos (...) e a vosas voses (...) a terça parte entegramente de todos los bees e herdamentos e arbores e bouças e vedros e herança que ficou de Johan Franco* (TMILG). E nun de Lourenzá (s. d.): *audiui dicere quod hereditate de Dompinor diuidebat* [tiña o seu derrego] *per fontem de Grandela et per antiquam ueteram et per fontem de Montizelos* (CODOLGA). Con esta forma (*Vedro*) o coa do seu feminino (*Vedra*, substantivo, non adx. [do

tipo *Vilavedra*]) o coa dun derivado (*Vedriño, Vedrón, Vedral, Vedredo*) está documentado centos de veces no NE da provincia de Lugo (nunha liña que una os concellos de Mañón-Castroverde-A Fonsagrada e siga ata o Navia con todos os concellos que caen dentro desta área.

Como resumo: o *vedro*, de etimoloxía incontestable, axuda a esclarecer a de *seara*; mesmo é probable que na época de bilingüismo celto-latino o *veterum* non sexa outra cousa que a tradución de *sénara*.

Con estes poucos exemplos só quixen dar unha proba (aperitivo) dos segredos que garda a toponimia prerromana (celta e paleoeuropea). Algúns destes segredos son penetrables, en especial se o apelativo que deu lugar ó topónimo sobrevive; en caso contrario a luz que poidamos botar sobre el é menos segura pois só podemos operar sobre formas e a súa distribución pero as posibles coincidencias formais poden ser debidas a un simple azar imposible de controlar. O interesado pode acudir ós libros mencionados (Bascuas e Moralejo Álvarez) e tamén ó de Cabeza Quiles (*Toponimia celta de Galicia*).

§6. Voume referir agora á toponimia latina e romance, tamén dunha maneira moi selectiva (no libro de Navaza, referido só á fitotoponimia, hai 240 entradas, aínda que non todas eles latinas; falar de todas daría para un bo mangado de conferencias coma esta. Así é que vou tamén cinguirme a uns cantos exemplos).

A maioría dos nomes latinos teñen vixencia desde a época da romanización ata hoxe. *Castrum* ou o seu resultado romance *castro* puido aplicarse a un terreo desde hai 2000 anos ata hoxe. Así é que decidir nestes casos se o topónimo é antigo ou moderno é imposible a non ser que estea documentado en textos antigos. Só nalgúns casos está confirmada a súa antigüidade aproximada se se forman con elementos léxicos que a lingua eliminou (como é o caso de *Lugo* se é que vén de *lucus* ‘souto’ ou o de *Vigo* de *vicus* ‘aldea’); ou se é que teñen elementos gramaticais, como sufixos, que deixaron de ser produtivos desde as orixes do idioma (*Carballedo, Figueiroa*), e incluímos nisto o sufixo gramatical de plural (*Triacastela, Muimenta*) ou sufixo de xenitivo *-i* que aparece en tantos nomes de posesor rematados en *-e* ou *-o* [cero] (*Vilapedre* ou só *Pedre, Guitiriz*) ou *-anis* (*Froiáns* < *frauja* ‘señor’). *Vilar* non sabemos cando deixou de ser voz común, xa debía de ser só topónimo no séc. X. *Vila* no sentido de ‘casa’ (orixe das infinitas *Vilas* soas ou adxectivadas que hai no nomenclátor) tamén esgotou esa acepción antes da aparición do galego como lingua escrita; nos textos do TMILG só son *vilas* os conglomerados de casas como Vares, Ribadeu ou Grãada (pero xa non hai ningunha **vila de Pedro*).

Referida a esta clase de topónimos (latinos e romances) Moralejo Laso, que á súa vez se inspira nun libro de toponimia francesa de Hermann Gröhler (pero púidose ter inspirado en Sarmiento) fai unha clasificación das posibles motivacións dos topónimos (as palabras que non pertencen a estas esferas nocionais é difícil que poidan motivar un topónimo). Téñoa en conta para que se vexa onde vou colocar os exemplos que mostro para pechar esta intervención.

- a) Formas de establecemento humano ou tipos de poboación: *Castro, Vigo, Burgo, Vilar, Proba, Quintá...*

- b) Fundacións, edificios e construcións: *Castelo, Celeiro, Pazo, Muros, Foilobal-Foilebar-Follaval* (=fogium lupalem)...
- c) Establecementos industriais: *Muíño, Fornos, Folón, Ferraría*...
- d) Topografía ou configuración do chan: *Coto, Teso, Val, Valiña, Lomba, Chaira, Chenlo, Pando, Pruída... Altamira, Viso, Atalaya... Nodaiga*...
- e) Constitución do solo e o seu aspecto: *Area, Barreiro, Lamas, Louseira, Seixido, Pedrido ... Áspera... Rubial*...
- f) Hidrografía ou augas: *Caldas, Fontao, Riotorto, Ribeira*...
- g) Flora espontánea e cultivos: *Carballedo, Maceda, Soutelo, Avieira* (<avea), *Peizais* (<paínzo), *Fenteira*...
- h) Fauna e animais domésticos: *Lobeira, Golpelleira, Pombeira, Vacariza, Crabaliza* (=Cabrariza)...
- i) Camiños ou estacións nos camiños: *Estrada, Calzada, Ponte, Parada*...
- j) Fundacións relixiosas ou nomes de santos: *Eirixe, Mosteiro, Santalla*...
- k) Nomes de fundadores ou posesores: *Chorente* (Florentii), *Sabín* (Sabini), *Saviñao* (fundus Sabinianus) ... *Guntín* (Guntini <gót. Gunthi 'loita'), *Froián-Froxán-Forxán* (Froiiani < got. frauja 'señor') ...
- l) Nomes referidos á apropiación, delimitación, laboreo ou aproveitamento do chan: *Tomada, Couto, Devesa, Tenza, Vesada*...

§7. Os nomes de montes (ou partes destes) entran maioritariamente nos apartados **d e f g h** e no **l** (que foi engadido por min). E son millares os topónimos cos que podíamos exemplificar; algúns repítense monotonamente. Os derivados de *xesta, toxo, fento, amieiro, freixo* ... son infinitos. Unha planta como o *carballo* (do que hai algunhas variedades que en xeral non son discriminadas vulgarmente con voces específicas) é quizais das máis fértiles; e ademais concorren para denominar este concepto palabras de cinco bases diferentes (que controlemos):

Carba- que se conserva en salmantino na súa forma primitiva *carba* 'matorral de robles' e tamén en galego; segundo Aníbal Otero: *carba* (apelativo) 'especie de roble, de hoja menuda y mala calidad de madera' (Santa Cecilia no Valadouro). Desta raíz (que explica tamén o *garabullo*) só podemos dicir que é prerromana e non indoeuropea (non está no Pokorny) e que o sentido actual 'carballo' ou algo próximo debeu de ser o orixinario. Está presente na toponimia na súa forma primitiva *Carba* ou nalgunha dos múltiples derivados (*Carballo(s), Carballiño(s), Carballón-Carballó(i)s, Carballa, Carballizo, Carballal-Carballá(i)s, Carballeda-edo-ido, Carballeira(s), Carballoso/a, Carballerego*...).

Cass- (con sufixos diferentes: en territorio galo **cáss-anos* (*chêne*), en terras hispánicas **cass-ícus* (*caxigo, quejigo*) co mesmo suf. *-icus* que aparece en *garriga*). Tamén hai varios centenaes *caxigos* e derivados na toponimia: *Caxigo/a, Caxigueira(s), Caxigal, Caxigosa*... (pero non *Caxide*). Esta raíz que por encontrarse en terras celtibéricas e galas se debería clasificar como celtismo, resulta que non o é (non está en ningunha lingua céltica moderna); polo tanto debeu de ser un préstamo dalgunha lingua precéltica ó celta continental e foi incorporado despois ó latín.

Quercus (lat. v. **cercus*) ten unha raíz latina (e indoeuropea) que está aínda viva nos apelativos *carballo cerquiño* ou *carballo cerqueiro*. Son claros os derivados *Cerquedo*, *Cerquido*, *Cerqueiro*, *Cerqueira*, *Cerqueiral*, *Cerqueiredo*... que están representados na toponimia galega centos de veces. *Cerceda* e *Cercido* poden pertencer a esta familia (**cercetum*) ou á de *cerásea* (**cer(e)setum*).

Róbur/róborem (da mesma raíz cás palabras latinas ou oscas *rúber robustus* e *rufus* e tamén das (latino-)romances *roborar robra corroborar rubricar* etc.) vén dunha base indoeuropea *reudh-* ‘colorado’ (pola cerna colorada e dura). E con esta palabra ocorre un fenómeno curioso pois no galego (en toda a súa historia) non hai restos da forma esperada **robre* ou **roble* como apelativo (se se di hoxe é un castelanismo), pero tivo que existir en época prerromance; a pesar diso son numerosísimos os derivados, que xa son totalmente opacos porque pertencen a unha familia acéfala; e ademais son todos moi antigos, anteriores á desaparición e *robur* como apelativo: *Reboreda -eda -ido*, *Robledo -eda -ido*. *Rebordelo -a* (roboretellum) *Rebordiño*, *Rebordaos -áns*, *Rebordoso*, *Reboriza*, *Reborica*, *Rebordechán -ao*, *Rebordondo*, *Rebordelongo*, *Rebordecovo*, *Rebordondiego*, *Rebordal*...

E aínda hai outra familia para cuxa cabeza etimolóxica se propuxeron dous étimos latinos, **rebullus* dim. de *róbur*; ou **repulus*, postulado sobre *pullare* ‘brotar, retoñar’; o primeiro étimo temos que descartalo porque nas atestacións antigas debería ter *-*v-* e o que hai é constantemente *-b-* e mesmo *-p-* algunha vez (*Rebolla* 891, *Rebollare* 935, *Rebolar* 1165, *Rebolo* 1183, *Rebola* 1224, *Reboledo* 1225, *Rebolal* 1282, *Rebolete* 1326, *Repollare* 945 CODOLGA). Desá base vén o *rebolo*, que nos textos máis antigos debeu ser ‘retoño, *rejeton* dunha árbore cortada’. O caso é que hoxe *rebolo*, que na maior parte de Galicia é un ‘tronco de madeira’ ou un ‘cilindro de madeira’ (lembramos a *rebola* ou raseiro de rapar os ferrados) tamén é ‘carballo’ no SO de Ourense, SE de Lugo e parte de León. E con calquera dos dous significados ‘brote’ ou ‘carballo’ é cabeza dunha pequena familia de derivados: *Rebola*, *Rebolo*, *Rebolal -ar*, *Reboledo* (*Reboledo* 1225 CODOLGA), *Reboleiro*, *Reboleira*, *Rebolada*...

§7. Son moi numerosos os topónimos que entran no apartado *l* que engadín eu á clasificación de Moralejo Laso e de Gröhler (este apartado está xustificado que eles non o contemplan porque traballan principalmente con nomes de entidades de poboación e non con topónimos menores ou como din os franceses *lieudits*). Son milleiros os topónimos onde entran apelativos como *leira*, *tenza*, *cornu*, *canto*, *sorte*... Vou mencionar só unhas curiosidades que poden servir de entrante para quen queira profundizar (no libro de E. Rivas, *Natureza...*, hai moitos outros exemplos); veñen ó caso nunha palestra coma esta algúns coma os que seguen, que entran na esfera de ‘coller’, ‘zarrar’, ‘vedar’ ou ‘cultivar’.

Na antigüidade había unha maneira de apropiación que se chamaba **presura**. No *Tombo de Celanova* fálanse de *vineis*, *pomeris*, *saltos*, *defesis*, *pascuis*, *aquis omnia sic de presura quomodo et empta*; no galego antigo xa non se documente con este sentido pero aínda pervive probablemente no top. actual (derivado) *A Presurada* en Foz. No séc. XV firma un doc. en Santiago unha testemuña do lugar de *Presuras* (hoxe desaparecido ou coñecido por outro nome,

supoñendo que estea ben lido: *presentibus ibidem discretis viris domnis Alvaro Munis de Presuras et ...*).

Pertence ó vocabulario actual dunha parte grande de Galicia (PO e OU) a **tomada**. Sarmiento di que así *Llaman a un pedazo de tierra común que se cierra para sembrar*; Reguera: *curros: Hacia la Balura, tierra montañosa entre Villalba y Lugo, dan este nombre a unos cercados, que en otras partes de Galicia denominan chouzras, y en Salnés hoy día tomadas*; Valladares define a *tomada* como ‘*chousa*’; Franco Grande: *Trozo de monte propiedad de particulares y no comunal o del Estado* (Tebra). *Tomada, Tomado, Tomadiña* repítense centos de veces no nomenclátor de *lieudits*. Pero hai que ter en conta que o sentido orixinario era máis ou menos o de ‘(terra) ocupada’. [Hai que ter ollo porque hai outra *tomada* homónima pertencente á esfera da hidronimia que é o ‘sitio onde se desvía a auga do río para unha presa de prado ou de muíño]. *Tomar*, do que *tomada* é derivado, é palabra de orixe controvertida (v. Corominas) pero o sentido de ‘coller, apropiarse’ teno desde as orixes do idioma.

Outra palabra que é da mesma esfera conceptual é **sacada** (frecuente como topónimo en terras de LU nas variantes *Sacada Sacadiña*). Aníbal Otero definea como *Parte separada del monte común y dividida entre los vecinos en parcelas de extensión variable, según el derecho de cada uno*. En Meira (1230): *damus et quitamus [entregamos libre] monasterio sancte Marie de Meira et uobis domno F. abbati quantam sacada facimus et laborauimus inter montem Medianum [Meao] et Pastoritiam* (CODOLGA). O étimo de *sacar* tamén é controvertido.

Cachada como apelativo sería tamén sinónimo dos anteriores se o sentido orixinario de *cachar* fose ‘coller’ (derivado de *cacha* ‘empuñadura, parte por onde se colle a espada’); pero non é seguro que sexa ese o étimo (podería ter que ver con *cacho* ou coa familia de *cacharela*). En calquera caso, para Sarmiento *Cachar significa rozar y quemar un terreno lleno de matorrales para sembrar en él centeno o trigo. Cachada es esa heredad y cacheira un terreno muy espacioso para el mismo fin. No se me ofrece origen cierto*. Sentidos semellantes nos dicionarios. Como nome propio (*Cachada, Cachadiña*) está moitas veces na toponimia.

O terreo apropiado (por presura, tomada, sacada ou cachada) ou posuído (por compra, herdo) ou simplemente usado podía marcarse e zarrarse de maneira máis ou menos duradoira. Son numerosísimas na toponimia as palabras que se remontan ás raíces de **sebe** (*Sebeiro, Sobeiras, Subeiro, Subieiro, Subieira, Súas Sebes, Sebelo, Subiado, Subiados, Agra do Subiao*), **muro, parede** (*Parediña, Pardiña*) ou **vargo** (cast. *várgano*; predomina a grafía antietimolóxica con *b* pero haino tamén con *v*). *Vargo/bargo* ten sentidos diversos; para Leiras (Mondoñedo) é ‘chanto de pedra’; para Aníbal Otero é ‘estaca de sebe’. Nomes propios: *Barga, Bargada, Bargabrosa, Bargadela, Bargado, Bargán, Barganós, Bargo, Bargón, Barguedo, Bagueiras, Barguelo, Bragada, Bragadela, Bragadiñas, Bragados, Bragaira* (cf. *mazaira*), (*A*)*Bragán, Bragueira, Bragueiro, Braguiña, Prados da Braga, Rego da Bragada, Rozabragada, Subargo, Suosbargos...*). Hai outras palabras que poden entrar aquí (como **cerca** ou **tapia**) ou algunha de tipo máis xenérico como pode ser a familia léxica de **cerrar/zarrar** (*Cerrado, Zarrado, Zarro, Zarra...* pero ollo co *Cerro, Serro* etc. que poden ser doutra familia) ou a de **choer** que dá lugar ás innúmeras *Chousas, Chouzras* e familia.

Dúas voces tamén moi fértiles na toponimia dos montes e relacionadas conceptualmente coas anteriores son o *couto* e a *devesa*. O *couto* medieval era un espazo que o rei ou un bispo lle daba a un particular (ou institución); o verbo *incautare* era nos textos antigos ‘outorgarlle a alguén un ben en couto’ de maneira que quen non fose o titular do couto tiña vedada (coutada) a apropiación ou o aproveitamento do que producía: *ego Adefonsus [IX], Dei gratia rex Legionis, Galletie, feci inquiri [preguntar] per que loca rex domnus Fernandus, pater meus, bone memorie, incautavit cautum quod dedit monasterio de Juncaria de Spadanedo in circuito ipsius monasterii* (1227 CODOLGA). Hai que ter en conta unha *incautio* non se refería só a espazos; podíase *encoutar* mesmo o río Miño: *incauto etiam vobis flumen Minei a Villa de Lazoiro usque ad faucem ipsius Minei, ita quod nullus audeat piscare in ipso flumine* (1125 CODOLGA). Hoxe a palabra *couto* perdeu naturalmente a acepción medieval pero quedou cristalizado na toponimia quizais miles de veces: *Couto, Coutiño, Coutado, Coutada, Encoutado*. Estaríamos tentados a ver unha variante (como a de *outro/oitro* da fala de Aguiño e arredores) en *Coita, Decoita, Coitío* que abundan bastante na Coruña, pero estas teñen a súa orixe en *cultus* (*terra culta* ‘cultivada’). E hai que ter ollo tamén coa falsos amigos: gal. *couto* = cast *coto*, gal. *coto* = cast. *cueto*).

A outra palabra, da mesma esfera conceptual é *devesa*. Qué é (e que non é unha *devesa*) explícao moi ben Reguera y Pardiñas: *las bouzas cuando no son muy grandes ni pobladas, las denominan en Salnés devesas, parece que por la semejanza de sonidos que tiene esta voz con el vocablo castellano dehesa, esta debía ser su traducción; mas en Galicia no se conocen los pastos y terrenos a que en ambas Castillas, La Mancha, Andalucía, Extremadura y otras provincias del Reino llaman dehesas; son estos predios rústicos [as dehesas] unas heredades abiertas, a pasto tieso para el ganado, especialmente el lanar; y las debesas unas pobres robledas de estrechos límites*. Os dicionarios case todos (con poucas excepcións) caen na traxectoria de definir *devesa* por *dehesa*. As *devesas* (se eran reais) non adoitaban ser unhas *robledas* tan “pobres” como di Pardiñas porque nos apeos mencionáanse algunhas que teñen 2.500 carballos. A orixe da palabra nos dous casos é a mesma como xa informou Sarmiento: *La dehesa se formó así: terra defensa: defesa, dehesa; y en gallego devêsa*. Ou sexa, que na orixe era unha terra vedada (*defensa* é o participio do verbo *defendere* ‘vedar’). Pódese ver aínda non substantivado nun exemplo coma este (fala Afonso VII): *concedo etiam vobis ut animalia vestra et peccudes [facenda] libere pascantur, tam in cunctis cautis quam etiam in ressiis, preterquam [excepto] in locis cultis et defensis* (Tui 1142 CODOLGA). [É un exemplo ben bonito porque contén catro palabras que son orixe doutros tantos topónimos: *cautis* *Coutos*, *ressiis* [cl. *residuus*] *Resíos*, *cultis* *Coitos* e *defensis* *Devesas*]. Hai que salientar que na nosa toponimia son moitas as *Devesas* que levan o determinante *do Rei* o cal nos leva a pensar que o titular de moitas delas era o mesmo rei, que era quen tamén tiña a capacidade de *encoutar* propiedades.

E vou presentar un derradeiro caso para cuxa orixe se poden dar varias hipóteses posibles (e se cadra ningunha é aínda verdadeira), pero é unha familia de palabras boa porque ilustra sobre as alternativas nas que se debate o etimólogo; trátase doutra voz moi fértil en toponimia: *estibada* (con *b* ou *v* segundo os gustos) e a súa familia (*Estibada, Estibados, Estibadiña, Estivadiño, Estibadela, Estibadón* e tamén *Estivo, Estiviño, Estivín, Estibón, Estiboa...* [*estivo* é

deverbativo de *estivar* como *zarro* de *zarrar*). **a)** Alguén ten proposto o étimo *stirpata* ([silva] *stirpata*) ‘deforestada, cavada ata ás raíces (*stirpes*)’ que vai ben semanticamente pero non cadra coa fonética nin polo *-i-* nin polo *-r-* (esperaríase **esterbada* ou **estrebada*). **b)** Pintos (s. v. *estibada*) e A. Otero (s. v. *estibo*) vinculan esta familia de palabras con *stipes* ‘estaca’ que cadraría ben tamén semanticamente (‘terra zarrada con estacas’); DuCange recolle en Francia un caso de *STIPARE* ‘*Stipitibus cláudere, munire* [zarrar con *stipes*], clorre de paliz’ [‘pechar con vargos’]; este *stipare* daría **estibar* en galego moderno, pero foneticamente tamén hai un estorbo: en textos latinos e galegos antigos os exemplos que atopamos teñen *-v-* (*saligarios* [salgueiros] *qui stant inter agro adinsertos et stiuata* 915 Coruña, CODOLGA); as confusións de *b/v* empezan no século XIV (no X son imposibles). **d)** E unha terceira hipótese: Corominas (seguindo a Sarmiento) relaciona a palabra con *aestivus* ‘do verán’. Sarmiento dicía: *Estivada. Es la roza que se hace en el monte para quemar la broza y después arar la tierra y sembrarla de trigo o centeno (...)* *O viene de esteva* [=rabela do arado, lat. *stiva*] *o mejor de aestiva* [do verán], *aludiendo al verano, que es cuando se quema, o de aestus* [lume]. *Catálogo VF 1745-1755*. A fonética histórica tería que explicar por qué temos *estío* por un lado e *estivada* por outro (e non **estiada*); pero o *-iv-* latino en voces populares ás veces dá *0* [cero], como *estío*, *río*, *fluxidío*, *vazío/a*; e outras veces tamén se pode conservar neste tipo de voces, como en *vivo*, *cativo*, *enxiva*. Así é que *estivar* e *estivada* (< *aestivare*) cumpren os requisitos da fonética histórica. (Aínda que nos deixe algo perplexos a incongruencia entre *estío* e *estivada*; a razón está probablemente en que no paradigma de *estivar* o *-iv-* está nunha serie de contextos moi diversos (*aestivo aestivivábam aestivávi aestivem...*) nalgún dos cales non pode reducirse a *-í-*, igual que lle sucede ó *-iv-* de *vivir*). Semanticamente pódese xustificar ben. Nos dicionarios galegos recóllese o verbo *estibar* ou *estivar* ‘arar’ (en Serandinas, Boal), e tamén ‘cavar y quemar un monte para sembrarlo’ (en Friol); Carlos Xesús Varela Aenlle na *Contribución ao dicionario galego: o léxico do galego de Asturias* (na rede) inclúe esta entrada:

estivar. v. **1.** Cavar un cacho de terreo ou de monte para facelo cultivable. **2.** Arar. **3.** Cultivar varias colleitas de cereal no monte sen botar outro cultivo no medio delas (San Martín de Ozcos). **4.** Remexer a terra co *vasadoiro* para aireala (Navia).

Sendo a cousa así e dando por seguro que *estivar* derive de *aestivus*, o seu sentido orixinario (distinto do que tiña en latín *aestivare*, que era ‘pasar o verán nun sitio’) tivo que referirse á operación de ‘realizar o traballo do tempo de verán (*aestivus*), preparatorio para *outonar*’; que exista *outonar* ‘facer a sementeira das searas no outono’, que está ben documentado¹ no léxico patrimonial, é un bo apoio para a hipótese de que *estivada* e *estivo* deriven de *estivar* no sentido que propoñemos. (*Outono* (*autumnus*) pola súa parte está tamén ben representado na toponimia: *Outoniño*, *Outonín*, *Outonais*). Así é que a hipótese a) hai que desbotala por razóns fonéticas; a b) hai que desbotala tamén pola fonética pero ademais porque deixaría morfoloxicamente inexplicada a forma *estivo*; daquela a máis verosímil é a c). Dicimis só “verosímil” porque a etimoloxía (e tamén a toponimia), como se ve non é unha ciencia exacta. Muret (un toponimista

suízo) nun libro de metodoloxía da toponimia (1936) di que: “para que a interpretación dun topónimo nos satisfaga plenamente esiximos que non estea en contradición cos datos da lingua, nin cos da xeografía e da historia, nin co sentido común”. A que propoñemos para *estivada*, poderá non ser aínda a verdadeira, pero cumpre ben os requisitos de Muret.

E remato aquí e non porque se esgotase o tema. Poderíamos estar falando un curso enteiro. Quixen cuns cantos exemplos espigados dalgún dos múltiples capítulos da toponimia ilustrar de qué maneira lles pode ser útil ou polo menos curiosa a toponimia ós prehistoriadores e historiadores, e non só ós medievalistas.

Bibliografía

(autores citados no texto)

- Alvar, M.; A. Badía, R. Balbín e L.L. Lindley Cintra, eds. (1960). *Enciclopedia lingüística hispánica*, Tomo I: *Antecedentes y onomástica*. Madrid, CSIC. “Toponimia” páxs 445-646, responsabilidade de Johannes Hubschmid (prerromana), José M^a Solá Solé (fenicio-púnica) A. Montenegro Duque (latina), J. M^a Piel (xermánica), J. Vernet Ginés (arábiga), L. López Santos (haxiotoponimia), F. Marsá (top. da reconquista).
- Ares Vázquez, Nicandro (2011). *Estudios de toponimia galega* (2. vols) (2011). A Coruña, RAG.
- Bascuas, Edelmiro (2002). *Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega*. *Verba*, anexo 51, Santiago, USC, Serviciode Publicacións.
- (2006). *Hidronimia y léxico de origen paleoeuropeo en Galicia*. Sada, Edicós do Castro.
- (2014). *Novos estudos de hidronimia paleoeuropea galega*. Vigo, Universidade, Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais.
- Cabeza Quiles, Fernando (1992). *Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e significado*. Vigo, Xerais.
- (2000). *Os nomes da terra. Topónimos galegos*. Noia, Toxosoutos.
- (2008). *Toponimia de Galicia*. Vigo, Galaxia.
- (2014). *A toponimia celta de Galicia*. Noia, Ed. Toxosoutos.
- Concepción Suárez, Julio (2001). *Diccionario toponímico de la montaña asturiana (etimológico)*. *Picos, mayaos, mayadas, carbas, puertos de verano, brañas, cabanas, acebales, fayeos, mazos, jayeos, robledales, riegas, regueros, ríos, foces, bisbitones, tabayones, bisbiteras*. Oviedo, Ediciones KKK.
- Corominas, J. (1972). *Tópica hespérica. Estudios sobre los antiguos dialectos, el substrato y la toponimia romances* (2 vols). Madrid, Gredos.
- (coa colaboración de J. A. Pascual) (1980-1991). *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Madrid, Gredos.
- Coromines, J. (1965 I, 1970 II). *Estudis de toponímia catalana*. Barcelona, Editorial Barcino.
- (1989-1997). *Onomasticon Cataloniae. Els noms de lloc i els noms de persona de totes les terres de llengua catalana*. Barcelona, Curial.
- Díaz Fuentes, A. (1998). *Toponimia de la comarca de Sarria*. Lugo, Deputación.
- Fernández Gonzalez, Frutos (2007). *Nomes do Ribeiro*. O Carballiño, IEC.
- Le Men, Janick (2002-). *Léxico del leones actual*. León, Centro de Estudios e Investigación San Isidoro
- Marqués Valea, Xulia (2004). *A toponimia de Trabada*. Santiago, Xunta de Galicia.
- Menéndez Pidal, R. (1969). *Toponimia prerrománica hispánica*. Madrid, Gredos.

- Moralejo Álvarez, J. J. (2008). *Callaica Nomina. Estudios de onomástica gallega*. A Coruña. Fundación P. Barrié de la M.
- Moralejo Lasso, Abelardo (1977). *Toponimia gallega y leonesa*. Santiago de Compostela, Editorial Pico Sagro.
- Muret, Ernest (1936). *Les noms de lieu dans les langues romanes*. Paris, Librairie Ernest Leroux.
- Navaza Blanco, Gonzalo (2006). *Fitotoponimia galega*. A Coruña, Fundación P. Barrié de la M.
- Palacio Sánchez, J. A. (1981). *Toponimia de Pantón (Lugo)*. Tese inédita (no ILG).
- Pensado Tomé, J. L. (1999). “Estudio preliminar” (Vol I, pp. 13-529) do *Onomástico de la lengua gallega* de Martín Sarmiento. A Coruña, Fundación P. Barrié de la M.
- Piel, Joseph M^a; Dieter Kremer (1976). *Hispano-gotisches Namenbuch. Die Niederschlag des Westgotischen in den alten und heutigen Personen und Ortsnamen der Iberischen Halbinsel*, Heidelberg, Carl Winter.
- Pokorny, Julius (1957/1969). *Indogermanisches etymologisches Wörterbuch*, 2 vols. Tübingen-Berne-Munich, A. Francke. (<https://indo-european.info/pokorny-etymological-dictionary/whnjs.htm>).
- Porto Dapena, Xosé-Álvaro (2014). *Dicionario toponímico do concello de Cedeira*. A Coruña, UDC, Servizo de Publicacións.
- Rivas Quintas, Eligio (1982). *Toponimia de Marín. Vreba*, anexo 18. Santiago, Secretariado de Publicacións da USC.
- (2007). *Natureza, toponimia e fala*. Ourense, edición do autor (da colección “Léxico rural do Noroeste hispano”, nº 16).
- Sachs, Georg (1932). *Die germanischen Ortsnamen Spanien und Portugal*. Jena/Leipzig, Verlag von Wilhelm Gronau (Berliner Beiträge zur Romanischen Philologie her. Ernst Gamillscheg).

Sitios de internet útiles

- <http://sitgaideg.xunta.es/buscadoravanzado/>
<http://mapas.xunta.gal/visores/toponimia/>
<http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>
<http://sli.uvigo.es/DDGM/>
<http://ilg.usc.es/Tesouro/gl>
<https://ilg.usc.es/tmilg/>